

CPR PLURILINGÜE LANDRO

Nicolás Cora 60

27850 Viveiro – Lugo.

Telf. 982560906

E-mail: cpr.landro.viveiro@eduxunta.es

PLAN DE CONTINXENCIA DO CPR. PLURILINGÜE COLEXIO LANDRO.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.

- Non asistirán ao centro o alumnado, docentes e demais persoal que tiñan síntomas compatibles coa COVID-19.
- Tampouco asistirán os que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena domiciliaria.
- No suposto de que un alumno/a presentes síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia. Levarase inmediatamente a aula COVID, colocaráse unha máscara cirúrxica e contactarase coa familia.
- En caso de presentar síntomas de gravidade chamarase ao 061.
- De tratarse dun traballador abandonará de inmediato o seu posto de traballo protexido por máscara, poñéndose en contacto co seu centro de saúde/mutua.
- No suposto da aparición dun caso ou dunha sospeita no centro educativo tanto do alumnado como do profesorado a persoa coordinadora do equipo COVID incluírá na aplicación informática “EDUCOVID” a información do afectado/a, os contactos estreitos, compañeiros/as afectados e o profesorado que imparte docencia no grupo afectado.
- A familia cun neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra.
- Tras aparición dun caso da COVID-19 seguiranse as recomendacións do SERGAS.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIONES PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través dos seguintes medios segundo o grupo:

- Correo electrónico.
- Grupos whatsApp.
- Class Room.
- Videoconferencias.
- Aula Virtual Santillana.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

A Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos periodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións oportunas.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o periodo de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial. O grupo de coordinación e seguimento da pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.